



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**LIÑAS XERAIS DA
PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E
ORZAMENTARIA
2016-17**

**VICERREITORIA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E
SUSTENTABILIDADE**

INTRODUCCIÓN

A modificación dos Estatutos da UDC do 11 de outubro de 2007 (DOG do 17 de outubro) incorporou ás competencias do Claustro a de aprobar as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria. Concluído o período de aplicación do documento aprobado, é necesario dispor dun novo que guíe a elaboración dos seguintes orzamentos. Neste caso referímonos ao Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego 2016-20 (en adiante, PGFU 2016-2020). Nel defínense os parámetros do financiamento das universidades galegas dende o 1 de xaneiro 2016 ata o 31 de decembro 2020. Para este período en concreto, este documento presenta as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria dos anos 2016-17.

O contido do documento estrutúrase nos seguintes apartados:

- Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego 2016-2020: marco Xeral
- Contexto orzamentario
- Estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas
- Tesouraría
- Plan xeral de investimentos
- Previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS
- Liñas estratéxicas

1. PLAN DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO 2016-2020

Finalizada a vixencia do Plan de financiamento do sistema universitario galego 2011-2015, e consonte o marco normativo vixente, a Xunta de Galicia aprobou o 29 de outubro, mediante Consello de Goberno, o Plan galego de financiamento universitario (en adiante PGFU 2016-2020) seguindo o cal as institucións públicas de ensino universitario de Galicia deberán desenvolver as súas actividades e deseñar aquelas políticas que garantan de xeito ordenado o correcto funcionamento do sistema educativo universitario.

O PGFU establece os principios sobre os que debe desenvolver a súa actividade, a estrutura dos fondos, o modelo de calculo do financiamento, as bases para a execución do orzamento e o seguimento do seu contido. Trátase dun instrumento de programación plurianual no que se fixan os principais obxectivos que cómpre acadar para a mellora da calidade e a eficiencia do ensino universitario en Galicia. A continuación, explícase de maneira moi resumida o seu obxecto e vixencia, a estrutura dos fondos, a súa evolución e os principios que deben rexer o seu funcionamento.

2.1 Obxecto e vixencia

O obxecto do Plan de financiamento do sistema universitario galego establece os compromisos da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña para o cumprimento do Plan e a súa vixencia vaise estender dende o momento da sinatura, que foi o 8 de xaneiro do 2016, ata o 31 de decembro de 2020. Abrangue, por tanto, o período comprendido entre 2016 e 2020, ambos os anos inclusive.

2.2 Estrutura dos fondos e evolución

Os recursos vinculados ao PGFU repártense da seguinte maneira. Distínguese un financiamento estrutural e un financiamento por resultados. No financiamento estrutural están os subfondos custo estándar –cuxa evolución dependerá da evolución da masa salarial– e RAM, cuxa evolución será constante. Na parte do financiamento por resultados están os subfondos: *i)* complementos retributivos; *ii)* outros custos asociados ao ensino universitario –que será constante–; *iii)* o panel de indicadores –que evolucionará en función da taxa de evolución do PIB–; e *iv)* o fomento da I+D+i e transferencia –cuxa taxa de evolución dependerá da taxa de

crecemento do PIB e multiplicada por dous—. Na táboa 1 pode verse dun xeito claro como está distribuída a estrutura de reparto.

Táboa 1. Estrutura dos fondos do PGFU

FONDO	SUBFONDO	CONCEPTO E EVOLUCION
FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL (66,6% no 2016)	CUSTO ESTÁNDAR (mensualización)	Gastos correntes asociados á docencia. Dependerá da evolución da masa salarial. Este subfondo evolucionará segundo a porcentaxe de variación da masa salarial fixada para cada exercicio pola lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.
	RAM (sen mensualización e contra certificación)	Gastos de investimento derivados de obras de reforma, ampliación e mantemento de infraestruturas. A evolución será constante.
	Servizos traspasados do INEF-Galicia e prazas vinculadas ao SERGAS (mensualización)	Gastos correntes asociados a persoal do INEF e o SERGAS. Estes créditos experimentarán a evolución que corresponda á evolución das retribucións básicas e complementarias do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma.
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS (33,4% no 2016)	COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS (mensualización)	Contías derivadas, dunha banda, do recoñecemento dos sexenios de investigación e dos complementos retributivos autonómicos e, da outra, da compensación por matrículas e bolsas de matrícula concedidas polo Ministerio de Educación.
	OUTROS CUSTES ASOCIADOS AO ENSINO UNIVERSITARIO (mensualización)	Partidas orzamentarias nominativas destinadas a asegurar o normal funcionamento e o cumprimento de obxectivos funcionais de diversas institucións, entre elas, os consellos sociais.
	PANEL DE INDICADORES (parte está mensualizada e a outra parte inicialmente non se mensualizaba comezándose a mensualizar neste mes de marzo).	Partida orzamentaria cuxa contía vai depender dunha serie de indicadores de calidade.
	FOMENTO DA A I+D+i e A TRANSFERENCIA (concorrenza competitiva)	Contías vinculadas a convocatorias de concorrenza competitiva e convenios para a execución e transferencia de coñecemento desenvolvidos polas universidades galegas

A evolución das partidas de financiamento estrutural e de resultados iranse axustando paulatinamente até chegar arredor do 60% nas partidas estruturais, mentres que o case 40% restante será repartido entre as universidades do SUG en proporción aos resultados obtidos por cada unha das institucións. Un resultado aproximado da repartición do SUG para o conxunto das tres universidades no período de vixencia do Plan pode verse na táboa 2.

Táboa 2. Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 (PGFU 2016-2020)

Ano	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
	66%	64,5%	63%	61,5%	60%	
	261,54	262,66	261,81	260,2	258	
SUG	34%	35,5%	37%	38,5%	40%	2.069,26*
	130,76	144,56	153,76	162,88	171,96	
	100%	100%	100%	100%	100%	
	392,30	407,22	415,57	423,08	429,96	
	82	82	82	82	82	410**
	TOTAL					2.479,26

Fonte: Elaboración propia a partir do PFSUG (2016-2020)

* Créditos de partidas orzamentarias directamente vinculadas ao PGFU 2016-2020 nos orzamentos da Xunta de Galicia (en millóns de euros)

** Achegas públicas estimadas á marxe do PGFU 2016-2020

Como se pode ver na táboa 2 os créditos de partidas orzamentarias directamente vinculadas ao PGFU 2016-2020 nos orzamentos da Xunta de Galicia (en millóns de euros) ascenden a 2.069,26 millóns de euros. Este financiamento verase incrementado con achegas de partidas orzamentarias da Xunta de Galicia non vinculadas directamente ao Plan (axudas, convenios, acordos de distintas consellarías, organismos e entidades do sector público autonómico), así como con fondos públicos procedentes de administracións locais, nacionais e europeas, cuxa estimación para o quinquenio de vixencia do PGFU se estima en 410 millóns de euros que se reparten en 82 millóns por ano. Deste xeito, as previsións de financiamento público que percibirá o ensino universitario de Galicia no período 2016-2020 situarase nunha cifra global de

2.479,26 millóns de euros, o cal incrementa en 374,26 millóns as previsións comprometidas no anterior plan de financiamento do SUG 2011-2015 que se estimaba en 2.105 millóns de euros.

2.3 Principios e ferramentas que deben de rexer o correcto funcionamento do PFSUG (2016-2020)

Eficiencia

Deberá ter en conta non unicamente os *inputs* senón a relación entre os inputs e os outputs. Polo tanto, a eficiencia nas universidades medirá os resultados docentes en función dos recursos humanos utilizados; os retornos sociais e de coñecemento aplicados froito das investigacións efectuadas e as melloras de calidade producidas no sistema.

Suficiencia

O Plan de financiamento garantirá uns recursos que permitan atender os servizos das universidades. O volume de recursos deberá corresponderse coa actividade docente e investigadora ou de transferencia realizada. Fundamentalmente refírese aos custos estándar asociados ás mesmas e aos custos estruturais. A suficiencia tamén terá en conta a cantidade de recursos xerados pola propias universidades (taxas, prezos públicos ou mecenados).

Equidade institucional e transparencia

Esta institución comprométese a fundamentar estes criterios de repartición sobre a transparencia. Así, deberá respectar o custo máximo salarial, comunicar as certificacións relativas aos tramos de investigación concedidos pola CNEAI e pola CGIACA, o número de créditos efectivamente formalizados e debidamente certificados segundo a clasificación que recolla o decreto anual de prezos. Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia compensará á UDC dos custos de matrícula non cubertos polo MECD na súa convocatoria anual de bolsas. Igualmente, deberá presentar a RPT vixente formulada antes do 31 de xullo de cada ano de vixencia do plan que recollerá a relación de postos de traballo de todas as categorías da universidade, para os efectos previstos no artigo 81, da Lei orgánica 6/2001, de universidades. De feito, á relación de postos de traballo acompañaranse a previsión das modificacións que vaian facerse efectivas no exercicio seguinte.

Equilibrio orzamentario

O cumprimento deste principio de transparencia e a formulación desta información permitirá a UDC cumprir o obxectivo de equilibrio orzamentario en cada un dos anos de vixencia do PGFU.

Adicionalmente, este plan incorpora a novidade da introdución da contabilidade de custos. Esta análise vai permitir mellorar non só a medición da eficiencia da organización, senón tamén coñecer o custo incorrido na prestación dos principais servizos da UDC (investigación, docencia e transferencia de coñecemento) e dos recursos consumidos e de cuxa xestión ten que responder diante da sociedade á que atende. Doutra parte, unha axeitada valoración dos custos dos créditos ECTS de cada titulación terán que ser base de cálculo dos ingresos necesarios para o financiamento dese custo, xa sexa vía financiamento público, privado, xa sexa a través das taxas de matrícula.


Seguimento do Plan

Finalmente, e co fin de garantir o bo funcionamento e rigor na repartición dos fondos vinculados ao PGFU establecerase unha comisión de seguimento. Esta comisión pretende garantir a correcta execución e seguimento dos acordos que se asinen entre a Xunta de Galicia e cada una das universidades do SUG con este fin.

2. CONTEXTO ORZAMENTARIO

Como se pode apreciar na figura 1, o contexto orzamentario do SUG para o cal se desenvolve a actividade académica, docente e investigadora da Universidade da Coruña sufriu unha gran deterioración dende o ano 2009. Neste período os orzamentos diminuíron case un 20% baixando dende os 137 millóns ata os 116 do ano 2015. Tendo en conta que se está a soportar unha estrutura similar e que se acometeron novas infraestruturas é lóxico que neste contexto urxa incrementar as partidas orzamentarias.

Figura 1. Evolución dos orzamentos no período 2002-2015



Fonte: Elaboración propia a partir PFSUG (2005-2010 e 2011-2015)

3. ANÁLISE DA REPARTICIÓN PARA O ANO 2016 E COMPARATIVA CON RESPECTO A 2014

3.1 Repartición do ano 2016

Da contía total de 2.479,3 millóns de euros que se orzou no quinquenio 2016-2020, no primeiro ano, os créditos de partidas orzamentarias directamente vinculadas nos orzamentos da Xunta de Galicia son 340,46 millóns (táboa 3), dos cales lle corresponden á Universidade da Coruña 87.931.319,86, o que representa unha ponderación do 25,83%.

Táboa 3. Plan galego de financiamento universitario para as tres universidades correspondente ao ano 2016: Créditos de partidas orzamentarias directamente vinculadas nos orzamentos da Xunta de Galicia

	TOTAL	Peso
UDC	87.931.319,86	25,83%
USC	145.578.827,27	42,76%
Uvigo	106.951.491,01	31,41%
	340.461.638,14	100%
Fondo I+D+i (concorrenza competitiva)	49.784.779,10	

Fonte: Elaboración propia a partir do PFSUG (2016-2020)

A contía repártese, como xa se adiantou no apartado 2.1, segundo unha parte fixa e outra por resultados. En concreto, o fondo estrutural alcanza os 70.547.511,75 euros e o fondo de resultados os 17.383.808,11 euros.

Táboa 4. Plan galego de financiamento universitario para a Universidade da Coruña correspondente ao ano 2016: Créditos de partidas orzamentarias directamente vinculadas nos orzamentos da Xunta de Galicia

FONDO	SUBFONDO	CUANTIAS
FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL	Custo estándar	63.418.808,48
	RAM	1.203.069,90
	INEF Galicia	2.856.931,00
	SERGAS prazas vinculadas	1.012.333,00
	Recuperación paga extra	2.056.369,37
	SUBTOTAL ESTRUCTURAL	70.547.511,75
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	Complementos retributivos e compensación por matrículas	5.579.348,32
	Outros custos asociados ao ensino universitario	200.000,00
	Panel de indicadores	5.679.328,40
		5.925.131,39
	SUBTOTAL RESULTADOS	17.383.808,11
	Fomento da I+D+i	-
TOTAL		87.931.319,86

Fonte: Elaboración propia a partir do convenio Xunta e UDC (2016)

3.2 Comparativa con respecto ao ano 2014

No que atinxe ao Plan de financiamento do período 2016-2020 con respecto ao Plan 2011-2015 pódense salientar tres cambios. En primeiro lugar, os complementos da masa salarial que antes ían no apartado de financiamento fixo, agora aféctanse ao financiamento por resultados. En segundo lugar, o complemento de financiamento por mellora da calidade desaparece no actual plan. En terceiro lugar, modificouse a parte de financiamento por indicadores. Deste xeito, é importante destacar que para o mesmo ano de referencia, o 2014, a Universidade da Coruña pasou dun financiamento por resultados de 15.914.900,29 € (10.861.097,29 + 5.053.803,00) a 11.604.460 € o que representa pasar dun 29% de peso, ou ponderación no financiamento por resultados do ano 2014, ao 21% no ano 2016. A diferenza entre un ano e outro é de 1,5 millóns

de euros. Esta cantidade compensaríase no orzamento deste ano en concepto de transferencias de capital.


Por outra parte, como se pode ver na táboa 6, a porcentaxe que recibe a Universidade da Coruña é do 27,05%. Porén, se se consideran os indicadores de número de alumnos, PDI, PAS, relación de PDI/alumnos e número de créditos, a porcentaxe debería ser superior a ese 27,05% posto que os indicadores están por encima desa porcentaxe.

Táboa 5. Cálculo da ponderación que a Universidade da Coruña recibe en concepto de custo estándar (principal estimador do financiamento estrutural)

SUG	Custo estándar docencia e necesidades funcionais	%	SER GAS	INEF	Total financiamento asociado a gasto persoal Docente e necesidades funcionais	%
UDC	63.418.808,48	26,41%	1.012.333,00	2.856.931,00	67.288.072,48	27,05%
USC	98.928.417,28	41,20%	4.646.000,00	0,00	103.574.417,28	41,64%
Uvigo	77.786.564,00	32,39%	60.414,00	0,00	77.846.978,00	31,30%
Total	240.133.789,76	1,00	5.718.747,00	2.856.931,00	248.709.467,76	1,00

Fonte: Elaboración propia

Figura 1. Estimación do peso do financiamento estrutural a partir dos principais indicadores



Fonte: Elaboración propia

A continuación, preséntanse as evolucións esperadas das principais partidas de ingresos e de gastos para, a seguir, analizar os equilibrios orzamentarios previstos. Así mesmo, sinalar a necesidade de fixar as principais liñas programáticas sobre as que a UDC quere deseñar a súa estratexia tanto de racionalización do gasto como de obtención de fondos.

4. GRANDES LIÑAS DE INGRESOS E GASTOS

Consonte os principios que se formularon anteriormente e as normas para a elaboración do plan de sustentabilidade, vaise presentar a estimación dos ingresos e gastos para o ano 2016 e as grandes liñas para o ano 2017.

4.1 Principais partidas de ingresos

a) Taxas e prezos públicos (Capítulo III)

Os ingresos por taxas e prezos públicos e outros ingresos supoñen unha achega porcentualmente escasa no conxunto do financiamento. A principal partida é a matriculación de alumnos, cuxa estimación é manter a evolución actual que se sitúa nos 19.000 alumnos, o que supón un montante de 12.295.000 €—dato da liquidación de 2015— cunha leve tendencia á baixa, pola influencia da escasa baixa taxa de natalidade a cal comezará a repercutir no medio prazo e con máis intensidade no longo prazo. Por outro lado, incrementarse no capítulo os ingresos polo aumento doutros ingresos propios como ingresos procedentes de prestacións de servizos caso dos custos indirectos de proxectos de investigación e contratos con empresas (art. 83) xunto cos ingresos por uso de instalacións.

A posta en valor dos centros tecnolóxicos como o CITIC, CITEEC, CICA e CIT, e mais o desenvolvemento de proxectos conxuntos baseados nas capacidades e potencialidades estratéxicas da nosa Universidade e os nosos grupos de investigación permitiría acometer grandes proxectos o que permitiría non só a captación de fondos senón tamén a mellora dos indicadores de resultados académicos e, en última instancia, financeiros.

b) Transferencias correntes (Capítulo IV)

A principal fonte de financiamento de UDC son as transferencias correntes da Xunta de Galicia. Para o conxunto do Capítulo IV hai un incremento nominal con respecto ao ano 2015 pero este

debe ser reducido en termos reais, xa que nas transferencias correntes xa está incluída a paga extra do ano 2012. Ademais, tamén está a compensación que vai recibir a Universidade pola devolución do IVE de investigación non contabilizado. Polo tanto, os ingresos por transferencias correntes da Comunidade Autónoma non están a crecer en termos reais.

c) Transferencias de capital (Capítulo VII)

Nestes momentos as transferencias por capital están por debaixo do ano anterior motivado polo feito de que non se espera acometer a realización de grandes infraestruturas, salvo a finalización do edificio do Centro de Investigación Tecnolóxico de Enxeñaría e Edificación civil (CITEEC), o cal se agarda que estea finalizado no segundo trimestre do 2016 e pola perda, como xa se explicou anteriormente, da achega no financiamento por resultados.

Actualmente, estamos pendentes de saber o importe da compensación que debería recibir a Universidade a compensación desa perda por financiamento por resultados e polo campus de especialización.

d) Activos financeiros (Capítulo VIII)

Co fin de paliar as tensións de tesouraría sufridas no exercicio 2015 foi preciso acudir ao remanente polo que esta cantidade quedou diminuída.

e) Ingresos patrimoniais (Capítulo V)

Ingresos dos xuros bancarios e das concesións administrativas. Representan unha porcentaxe moi reducida e non significativa que non se ten en conta para estimar os equilibrios futuros. Hai un lixeiro decrecemento explicado pola perda na partida dos xuros, sendo os ingresos das concesións case que os mesmos que no 2015.

4.2 Principais partidas de gastos

a) Gastos de persoal (Capítulo I)

Os gastos de persoal representan a porción mais importante do total dos gastos. Na análise desta partida convén ter en conta que leva incluído o importe recuperado da paga extra correspondente ao 2012. Tamén, e en cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria, se establece que non debemos superar o teito de masa salarial fixado no orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2016, 74.999.370€ e 11.528.490€ para as cargas sociais o que dá un total de 86.527.860€¹.

b) Gastos correntes (Capítulo II)

Estimase manter o mesmo nivel de gastos do ano anterior, se ben hai un leve incremento motivado da compensación dun expediente de tributos. Neste capítulo vanse aplicar medidas de aforro que consistirá na planificación progresiva da centralización do gasto e de medidas de aforro enerxético. Comezase a centralizar o gasto en determinados produtos de material de oficina. Igualmente, é necesaria a colaboración de toda a comunidade universitaria para controlar os consumos.

Debido á perda das transferencias correntes non é posible asignar unha maior contía a esta partida. En caso de que se obteñan aforros derivados destas medidas poderanse incrementar a dotación de fondos nas partidas destinadas a gastos correntes como para os diferentes

¹ Artigo 34. Custos de persoal máximos das universidades de Galicia

Un. De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, autorízanse para o ano 2016 os custos do persoal docente e investigador e de administración e servizos das universidades do Sistema universitario de Galicia nas contías seguintes:

	Masa salarial	Cargas sociais	Total
A Coruña	74.999,37	11.528,49	86.527,86

Dous. Dentro das contías anteriores non está incluído o custo derivado da recuperación establecida na disposición adicional décimo cuarta da presente lei nin o do persoal investigador de proxectos e contratos de investigación e do persoal técnico de apoio contratado con cargo a eses proxectos e contratos.

Tres. As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia experimentarán un incremento do 1 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2015.

centros en partidas como reparacións de edificios, maquinaria, transportes, mobiliario (conta 210 e seguintes), material de oficina (220), subministracións (221), comunicacións (222) ou gastos diversos (226). Con isto téntase facer fronte á redución dos gastos que tivemos que acometer nos diferentes centros.

c) Investimentos reais (Capítulo VI)

O capítulo de investimentos deberá ter unha redución no exercicio 2016 xa que o edificio do CITEEC debería finalizarse no primeiro semestre. Esta redución implica limitármonos á execución das obras en marcha. Neste caso a única obra en marcha é o CITEEC. Os axustes en programas de investigación son máis moderados.

d) Resto de partidas: Gastos financeiros (Capítulo III), Transferencias correntes (Capítulo IV), Fondo de continxencia (Capítulo V) e Variacións en activos e pasivos financeiros (Capítulo VIII e IX)


Estas partidas non supoñen unha participación reducida ou moi reducida no gasto total. Non se espera que se vaian producir cambios salvo na de transferencias correntes. No caso de gastos financeiros, fondo de continxencia, variacións de activos e pasivos financeiros non se observan cambios. No caso das transferencias correntes hai unha lixeira perda en concepto de axudas a estudantes e PDI.

Actualmente, estanse deseñando campañas de esponsorización para captar fondos cos que financiar accións que permitan compensar estas partidas.

5. EVOLUCIÓN DA TESOURARÍA

No momento da aprobación da programación plurianual de 2016-17 na UDC xa se está apreciando a deterioración do contexto financeiro. Ao déficit histórico de financiamento e infraestruturas que xa viña arrastrando a nosa institución, sumouse a conxuntura económica xeral, polo que foi necesario planificar a aplicación dos fondos propios para suavizar a caída do orzamento. Ademais disto, a prolongación dos efectos da crise económica fai necesario facer uso do remanente restante para o financiamento do orzamento 2016 e para facer fronte ás tensións de liquidez do exercicio 2015. O resultado destes feitos fai que as reservas do remanente de tesouraría estean case que esgotadas.

Figura 2. Aplicación do remanente de tesouraría non afectado no período 2009-2014 (liquidacións)



Fonte: Elaboración propia

Logo de reunións na Xunta de Galicia cos responsables de Educación e Facenda, fixouse un plan de mensualidades o que vai facilitar a xestión da tesouraría. Ademais, existía unha parte do panel de indicadores que ascendía a 5.925.131,39 € que, en principio, ía ser ingresado contra certificación, xa que correspondía ao Capítulo VII. Finalmente, e logo de comprobar que non é necesario, ingresárase mensualmente. Neste mes de marzo entrarán as tres mensualidades correspondentes ao período xaneiro-marzo 2016. Por tanto, a única conta que non vai ser mensualizada, como é lóxico, será o RAM (gastos de investimento

derivados de obras de reforma, ampliación e mantemento de infraestruturas) e a paga extra do 2012. Isto vai permitir mellorar a xestión da tesouraría.

6. ANÁLISE DOS EQUILIBRIOS ORZAMENTARIOS FUTUROS


Coas restricións amosadas no apartado “Contexto orzamentario” e admitindo o actual peso do 27% de fondo estrutural e, incluso, admitindo unha posible mellora no peso dos indicadores asociados ao fondo de financiamento por resultados –dun 21% ao 23%-24%–, a proxección dos ingresos e gastos de cara ao ano 2017 sitúa a Universidade da Coruña nun escenario de incerteza.

Dada esta situación, contémplanse tres escenarios posibles. O primeiro implicaría a necesidade de incrementar notablemente o autofinanciamento mediante o incremento das partidas do Capítulo III, especialmente a partida de “Outros ingresos” –custos indirectos dos proxectos de investigación, art. 83 ou a prestación de servizos– (figura 3, ano 2017). Alternativamente, pode conseguirse o incremento do patrocinio ou mecenado.

O segundo escenario sería o de conseguir que realmente se mellorase a porcentaxe da masa estrutural que, atendendo aos indicadores explicados no apartado 2, debería subir do 27,05% actual. Esta suba estímase, como xa se explicou anteriormente, en dous puntos porcentuais, o que permitiría un ascenso significativo nas transferencias correntes. (figura 3, ano 2017 con asterisco).


Para resumir, no primeiro escenario incrementaríase o autofinanciamento e no segundo as transferencias correntes pola vía do financiamento estrutural. Sinálase en letra grosa o principal cambio en cada un dos escenarios. En cada un dos escenarios, contéplase o incremento do mecenado e a compensación polo Campus de Especialización (Capítulo VII).

Figura 3. Proxección das principais partidas de orzamento de ingresos



No que se refire aos gastos, o que se está considerar é o escenario do que sería un contexto normal de necesidade de mellorar tanto no Capítulo II de gastos correntes como no Capítulo VI de investimentos reais. En ambos os capítulos é imprescindible mellorar as dotacións debido a que hai un gran número de peticións relativas a reparacións nos centros, caso de cubertas, comunicacións, material de oficina ou gastos diversos etc. Igualmente, no Capítulo VI tamén hai demandas en relación co mobiliario e equipamento ou necesidade de dotar con equipamentos e acondicionar a residencia universitaria.

Figura 4. Proxección do orzamento de gastos



6. PLAN XERAL DE INVESTIMENTOS

Os investimentos materiais deberán orientarse a rematar a infraestrutura do parque tecnolóxico, iniciada en exercicios anteriores. Os principais proxectos son o remate do CITEEC e o estudo da obra da residencia universitaria. De feito, en febreiro de 2016 produciuse a desafectación do edificio Calvo Sotelo e a cesión definitiva á Universidade da Coruña como residencia universitaria. A necesidade de avaliar e planificar con prudencia e cautela o edificio esixirá que as obras de acondicionamento dean comezo no curso académico 2016/2017.

O contexto económico impide iniciar novos proxectos de dotación de infraestrutura docente ou científica. Finalmente, e na liña do traballado nos últimos exercicios, será necesario un importante esforzo por priorizar as actuacións en materia de obra menor e mantementos a nivel centralizado e descentralizado.

7. PREVISIONS SOBRE A EVOLUCIÓN DE PDI E DE PAS

Sustentabilidade financeira

A normativa estatal referente á contratación, as esixencias dos plans de sustentabilidade e as actuais restricións financeiras fan que sexa necesario revisar a planificación docente.

Para o PDI, a taxa de reposición do 10% para persoal investigador funcionario e a imposibilidade de contratar PDI laborais fixos impiden a curto prazo proporcionar carreira docente ao persoal non estable. Ademais disto, o feito de estarmos preto do límite de masa salarial impide a contratación de persoal e obriga á revisión da planificación docente.

Para o colectivo do PAS, a funcionarización aprobada no último exercicio é unha ferramenta que posibilita este camiño, conciliando coa necesidade de conter o gasto en persoal aínda coa existencia de subas ligadas á antigüidade. A reorganización administrativa aprobada na última RPT facilitará a adaptación ás novas necesidades de xestión sen novas contratacións. Será necesario comezar a negociar a seguinte RPT orientada a optimizar os recursos dispoñibles.

Maior énfase na produtividade

Tendo en conta a importancia de mellorar o financiamento pola vía dos resultados, tanto no que se refire á mellora da calidade docente, como na investigadora ou da transferencia, o acento deberá poñerse na mellora do rendemento dos *inputs* mais non na redución do gastos. Por esta razón, como xa se puxo de manifesto neste documento, as políticas de persoal céntranse na mellora da produtividade docente, investigadora e de transferencia. A mellora destas tres dimensións traduciríase non só na captación de fondos, na mellora da produción científica ou na mellora da empregabilidade dos nosos egresados, senón tamén na mellora do autofinanciamento e, por conseguinte, da solvencia da institución.

CONCLUSIÓNS:

En xeral, a observación da evolución das principais partidas dos capítulos de ingresos e gastos pódese concluír o seguinte:

A) Necesidade de captación de fondos pola vía da transferencia, investigación e patrocinio e mecenado

- A pesar de que existe un financiamento superior para o conxunto do PGFU no 2016-2020 con respecto ao 2011-2015 en 374,26 millóns -táboa 2- (2.479,26 millóns en 2016-2020 fronte aos 2.105 millóns de euros en 2011-2015), nese incremento corresponde a achegas de partidas orzamentarias da Xunta de Galicia non vinculadas directamente ao Plan (410 millóns en total que se estiman en 82 millóns por ano). Por outra parte, a parte de financiamento por resultados vai ser cada vez máis importante e irá oscilando dende 64% -parte estrutural- e 36% -parte por resultados- en 2016 ata 60% -estrutural- e 40% -resultados- no ano 2020. Por tanto, vai ser necesario mellorar notablemente a captación de fondos ligados á *i*) transferencia (contratos de I+D (art.83); *ii*) a consecución de proxectos de investigación autonómicos, nacionais e europeos e *iii*) busca de financiamento privado.

B) É vital revisar a ponderación que representa o financiamento estrutural e revisar/mellorar os indicadores que determinan a porcentaxe de resultados

- O custo estándar, que forma parte do financiamento estrutural, representa para 2016 unha contía total de 67.288.072,48 € (táboa 6) o cal representa unha ponderación do 27,05% cando se estima que podería alcanzar un 29% debido a que os indicadores que reflicten a estrutura como PDI, PAS, total de alumnos matriculados e créditos matriculados, principalmente este último, están próximos ao 29%.
- A parte máis importante do financiamento por resultados, que ascende a 11.604.459,79€, experimenta unha diminución moi notable. De feito, a participación da Universidade da Coruña con respecto ao conxunto do SUG viuse moi diminuída, xa que pasa de 11.604.459,79 a 15.914.900,29. A redución destaca máis notablemente de se tomar como ano de referencia o exercicio 2014 e da desaparición do fondo de mellora de calidade. Este feito unido á crecente contía da asignación do financiamento en función dos resultados, supón a necesidade de revisar e mellorar os indicadores de calidade da UDC e buscar canles de mellora destes.

C) Incremento nominal de ingresos pola vía das transferencias correntes pero non en termos reais

- Continuamos nun contexto orzamentario de crise en que os ingresos por transferencias correntes (Xunta CIV) non están a crecer en termos reais. Se ben existe un incremento nominal ao descontar o aboamento da paga extra do 2012 en termos reais diminuímos. De feito, no Capítulo I de gastos de persoal inclúense dous millóns de paga extra do 2012, que loxicamente non se poden considerar un ingreso real deste ano.
- As transferencias correntes (Xunta CIV) representan a maior contribución ao financiamento máis insuficiente debido a que existe un crecemento vexetativo de gastos de persoal (quinquenios, trienios, sexenios, complementos) importante.
- No Capítulo I de gastos de persoal estamos moi preto do límite fixado polos orzamentos de Xunta de Galicia como teito de gasto.

D) Maior capacidade de autofinanciamento

Debido ao feito anterior, a evolución das transferencias correntes é inferior á evolución dos gastos de persoal, faise necesaria unha suba no incremento do autofinanciamento tanto na recadación por taxas e outros ingresos (CIII – Taxas) como na captación de fondos vía custos indirectos (CIII – ingresos procedentes de prestación de servizos). Esta conclusión reforza a conclusión do primeiro apartado no que se fai mención á necesidade de incrementar a transferencia, principalmente aos sectores produtivos e estratéxicos da nosa comunidade.

E) Mellora da liquidez grazas á mensualización de cantidades fixas

Logo de dúas reunións na Xunta de Galicia cos responsables de Educación e Facenda, conseguimos a mensualidade dunha parte do panel de indicadores no que, en principio, ía ser ingresado contra certificación. Finalmente, e logo de comprobar que non é necesario, ingresárase mensualmente. Neste mes de marzo entrarán as tres mensuralidades correspondentes ao período xaneiro-marzo 2016. Por tanto, a única conta que non vai ser mensuralizada, como é lóxico, será o RAM (gastos de investimento derivados de obras de reforma, ampliación e mantemento de infraestruturas). Isto vai permitir mellorar a xestión da tesouraría.

F) Redución de investimentos

Hai unha redución de investimentos reais debido a que non se ten planificado obra nova, a cal queda reducida ao remate da obra do CITEEC.

G) Énfase na produtividade

Inspirado no principio da eficiencia, deberíase ter en conta no momento do financiamento non exclusivamente o seguimento ou evolución dos *inputs* senón a relación entre os *outputs* e os *inputs* aplicados.